

DE NORABOA!!!



Prezada comunidade:

Con moito orgullo seguimos a compartir os recoñecementos públicos e logros do noso persoal investigador, un equipo excelente que está a situar ás Ciencias Sociais en primeiro termo no mapa da investigación en Galicia.

Fundación Barrié



RAGC/
REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS

O equipo coordinado pola investigadora permanente de ECOBAS **Milagros Vivel Búa (USC)**, recibiu o **Premio de Investigación Fundación Barrié-RAGC na categoría de Ciencias Sociais**. O traballo merecedor deste galardón estuda a influencia do efecto contaxio no fracaso empresarial en micro, pequenas e medianas empresas.

MOITOS PARABÉNS DE TODO O EQUIPO!!!



Milagros Vivel Búa e Rubén Lado Sestayo (USC), investigadores de ECOBAS

[Preme aquí para ler na web de ECOBAS a noticia completa.](#)

Con esta ledicia convidámosvos hoxe a pasar revista a través das seguintes páxinas desta newsletter ás próximas actividades en axenda, toda a actualidade do Centro Interuniversitario ECOBAS, convocatorias abertas e outras novas de interese para a comunidade investigadora en Ciencias Sociais.

Saúdos!!

AXENDA



>>> SEMINARIO DE DOUTORAMENTO: SÉRGIO ALMEIDA RESENDE, UDC

VENRES
7/02
12:00H

"Enterprise risk management: a high-level strategic capability tool applied to innovation and corporate social responsibility"

- MODALIDADE: ONLINE
- Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial
- [Imprescindible rexistro previo AQUÍ](#)



>>> EVENTO DO ECOSISTEMA INVESTIGADOR E RECOÑECIMENTO DOS CENTROS CIGUS

MARTES
11/02
11:30H

A Secretaría Xeral de Universidades convoca este evento aberto a todo o persoal investigador (predoutorais, posdoutorais, IPs,..) como punto de encontro de todo o ecosistema de I+D, co obxectivo de visibilizar a ciencia excelencia que se fai en Galicia.


- Lugar: Cidade da Cultura de Galicia. Museo do Centro Gaiás, Andar -1. Santiago de Compostela.
- Modalidade: presencial
- [Imprescindible inscrición AQUÍ](#)
- Consultar coa organización as posibilidadeas de transporte dende Vigo e A Coruña.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

>>> CIENCIA E CONCIENCIA NO SÉCULO XXI: I XORNADAS DE CENTROS DE INVESTIGACIÓN INTERUNIVERSITARIOS DO SUG



I XORNADAS
CENTROS DE INVESTIGACIÓN
INTERUNIVERSITARIOS
DO SUG

Santiago de Compostela,
Xoves 20 febreiro 2025



O [Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia \(CITMAga\)](#), [Economics and Business Administration for Society \(ECOBAS\)](#) e o [Centro de Investigación Investigación Interuniversitario das Paisaxes Atlánticas Culturais \(CISPAC\)](#), unen forzas para organizar a **I Xornadas dos Centros de Investigación Interuniversitarios do SUG.**


- ACTIVIDADE PRESENCIAL - PRAZAS LIMITADAS
- LUGAR: Cidade da Cultura - Edificio Fontán, Sala 9. Santiago de Compostela
- **INSCRICIÓN IMPRESCINDIBLE [aquí](#)**
- Descarga [aquí o programa](#)

XOVES
20/02

>>> MESA REDONDA: "TALENTO FEMININO NAS CIENCIAS SOCIAIS"

XOVES
13/02
12:00H

Co gallo da conmemoración do Día da Muller e da Nena na Ciencia (IIF), ECOBAS está a preparar a mesa redonda "Talento feminino nas Ciencias Sociais".
Garda este oco na túa axenda!!



AXENDA



>>> JUNIOR RESEARCH SEMINAR: MARIANA SANTOS

XOVES
27/02
13:00H

"Experiential Marketing on customers' post-purchase behavior in slow food restaurants"

- MODALIDADE: híbrido, presencial e online (proximamente habilitaremos o rexistro previo)
- PRESENCIAL: VIGO. Facultade de CC. Económicas e Empresariais. Aula 156.
- Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial









>>> PINT OF SCIENCE 2025

19 a 21
de MAIO

Como membros da comunidade científica temos entre as nosas encomendas a responsabilidade de achegar a ciencia á cidadanía. Por iso os equipos locais de organización do existoso festival de divulgación científica Pint of Science xa están en marcha, buscando profesionais da contorna que queiran compartir a súa investigación (de calquera ámbito) coa sociedade.



Estas son as áreas temáticas na presente edición:

-  **Mente Marabillosa**  **Dos Átomos ás Galaxias**  **O Noso Corpo**
-  **Planeta Terra**  **Tech me out!**  **A Nosa Sociedade**

O persoal investigador de ECOBAS interesado debe dirixirse á nosa área de comunicacion a través do email comunicacion@ecobas.gal, onde nos encargaremos de coordinar as ideas e a loxística para a participación en calquera dos campus das tres universidades públicas de Galicia.

>>> XXXII CONGRESO EBEN ESPAÑA: DINAMIZANDO O CAMBIO PARA UN FUTURO RESPONSABLE, ÉTICO E CENTRADO NAS PERSOAS

21 a 23
de MAIO

O prazo para envío de traballos ao XXXII Congreso EBEN España que este ano acolle Santiago de Compostela está próximo a pechar:

- Call for abstracts: **ata o 15 de febreiro de 2025** (resumo estendido de máximo 1.000 palabras).
- [Web oficial do Congreso](#)



Os traballos aceptados poderán ter a oportunidade de publicarse en revistas académicas asociadas de prestixio, como: Journal of Family Business Management, International Review on Public and Nonprofit Marketing, Management Letters/Cuadernos de Gestión, Revista Galega de Economía/Galician Journal of Economics, Ramon Llull Journal of Applied Ethics ou RBGN (Revista Brasileira de Gestão de Negócios). Ademais, ábrese a posibilidade de contribuír cun capítulo no libro People-Centered Digital Technology for Ethical and Sustainable Business Practices, que será publicado por IGI Global, unha editorial recoñecida polo seu posicionamento no primeiro cuartil do SPI en áreas como Economía ou Comunicación.

ACTUALIDADE
ECOBAS



»»» A CÁTEDRA ECONOMÍA DA CIBERSEGURIDADE USC-INCIBE, CECOCIB, LANZA A SÚA NEWSLETTER PARA PROMOVER A PROTECCIÓN DIXITAL



A Cátedra CECOCIB que codirixen os investigadores permanentes de ECOBAS **María Bastida** e **Miguel Vázquez Taín** acaba de poñer en marcha a súa newsletter para informar sobre a actividade desta iniciativa multidisciplinar nacida para liderar a protección dixital con innovación, sostibilidade e un enfoque humano.

- Visita a [web oficial](#) da Cátedra CECOCIB
- [Preme aquí para suscribirte á newsletter CECOCIB](#)

»»» FISCALIDADE MEDIOAMBIENTAL E DIVIDENDOS CLIMÁTICOS NO CONGRESO DOS DEPUTADOS



Expertos e representantes parlamentarios se reuniron no Congreso dos Deputados o pasado 29 de xaneiro para reflexionar sobre medidas concretas que reforcen o apoio social ás políticas climáticas. Nesta sesión, na que participou o investigador de ECOBAS e catedrático da UVigo Xavier Labandeira, trataron asuntos coma o uso redistributivo dos ingresos por carbono, as experiencias internacionais e os efectos sociais de instrumentos como os dividendos climáticos.

»»» EFICIENCIA PRODUTIVA E SOSTIBILIDADE PARA A ECONOMÍA LOCAL



Podemos contribuir á conservación e recuperación das especies, á vez que maximizar a eficiencia produtiva? Con este enfoque naceu o proxecto MAJA para o cultivo, engorde e repoboación da centola *Maja brachydactyla*, presentado o pasado 31 de xaneiro na Facultade de CC. Económicas e Empresariais da UVigo. Este proxecto presenta un sistema pioneiro de cultivo de centola con engorde en batea desenvolto no CIM-UVigo polo equipo de investigación liderado por José Eugenio López Periago.

No tocante á aplicabilidade e transferencia desta iniciativa ao tecido produtivo, foi o investigador permanente de ECOBAS e IP do Grupo GEN, **Miguel Rodríguez Méndez**, o responsable de presentar o plan para a elaboración da análise de circularidade e a viabilidade económica do proxecto, traballo que desenvolverán sobre os estándares da economía circular.

O Proxecto MAJA está cofinanciado pola [European Union](#) polo FEMPA (Fondo Europeo Marítimo, de Pesca y Acuicultura) [Fondos Europeos en España](#), no marco do Programa Pleamar da [Fundación Biodiversidad](#).

PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



>>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

Vaquero García, A. (2025)

[A review of the effectiveness of short-time work programmes: The Spanish case from a comparative perspective](#)

Economic and Labour Relations Review

Ricoy Casas, R.M.; **Fernández González, R.**; Santos Garrido, M. (2025)

[Alumnado subrepresentado e inteligencia artificial](#)

epsir: European Public & Social Innovation Review, Núm. 10

Antelo, M. & Bru, L. (2025)

[Licensing of a product innovation by an outside innovator to a Stackelberg duopoly](#)

Economics of Innovation and New Technology, Vol. 34, Núm. 2, pp. 321-348

de Sousa, B.V.; **Bastida, M.** & Vieira, E. (2025)

[Unraveling digital nomadism: a comprehensive bibliometric review of emerging research and trends](#)


Journal of Global Mobility

De entre as novidades da produción científica rexistradas nas dúas últimas semanas, destacamos tamén o estudo no que traballou para o Instituto de las Mujeres a nosa investigadora permanente **Sara Fernández López**, e que acaba de ver a luz co título:

Un análisis con perspectiva de género de las actividades de transferencia del conocimiento y emprendimiento (TC+E) en el Sistema Universitario Español. Propuestas para superar brechas. Instituto de las Mujeres.

Informe disponible en: <https://www.inmujeres.gob.es/CentroDoc/Estudios/Estudios.htm>

>>> CALL FOR PAPERS | ADVANCING PRO-ENVIRONMENTAL BEHAVIOR: FROM THE WORKPLACE TO CONSUMER ACTIONS



A Revista Galega de Economía, da que é co-director o investigador de ECOBAS **Adolfo Carballo Penela**, ven de ampliar o prazo de recepción de traballos ata o 31 de marzo para o número especial titulado "Advancing Pro-Environmental Behavior: From the Workplace to Consumer Actions".

A Revista Galega de Economía está indexada no Emerging Sources Citation Index, de Web of Science, Scopus e conta co selo de calidade FECYT de calidade das revistas científicas españolas.

- Novo deadline: Call for papers ata o 31 de marzo de 2025.
- Consulta toda a información desta chamada premendo na ligazón.

AXUDAS E CONVOCATORIAS



>>> AXUDAS PARA CONSOLIDAR, ESTRUTURAR E ESPECIALIZAR AS UNIDADES DE INVESTIGACIÓN MÁIS COMPETITIVAS DO SISTEMA GALEGO DE I+D+i

Cunha dotación de 29,1M€, esta convocatoria ten por obxecto o financiamento do labor das unidades de investigación máis excelentes de Galicia. O importe das axudas pode chegar ata os 105.000 € ao ano por grupo. **Prazo ata o 24 de febreiro.** Tres modalidades:


- **Modalidade A: Grupos de referencia competitiva (GRC).** Consolidación de grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D constitúan unha referencia no Sistema galego de I+D+i.
- **Modalidade B: Grupos con potencial de crecemento (GPC).** Consolidación de grupos de investigación que pola súa produción científica e a súa actividade de I+D amosan potencial de crecemento ata converterse en grupos de referencia do sistema de I+D+i galego
- **Modalidade C: Proxectos de excelencia.** Proxectos de investigación a investigadores ou investigadoras individuais que, contando cunha traxectoria excelente consolidada ou en formación, teñen que afianzar unha liña de traballo baseada en proxectos de alto impacto fundamentalmente nos ámbitos nacional e internacional.

>>> MAPA DE APOIOS DA XUNTA DE GALICIA Á I+D+i 2025

Este instrumento, elaborado no marco da Comisión Interdepartamental de I+D+i da Xunta de Galicia e aliñado coa Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 21-25 (RIS3), pretende servir como unha guía para os axentes do ecosistema galego de I+D+i, incluíndo información de interese sobre as distintas ferramentas de apoio á I+D+i da administración autonómica que lles permita ter unha visión integral e planificar a súa actividade.

[Descarga aquí o mapa de apoios 2025](#)

>>> XORNADA DE PRESENTACIÓN DAS CONVOCATORIAS DO EUROPEAN INNOVATION COUNCIL (EIC) EN 2025



Nesta xornada presentaranse os instrumentos de financiamento do Consello Europeo de Innovación, a entidade de Horizonte Europa que financia todo tipo de innovación: o EIC Accelerator, o EIC Pathfinder e o EIC Transition.

- Modalidade: Presencial. [Preme aquí para realizar a túa inscrición.](#)
- Lugar: Sede da Axencia Galega de Innovación. Rúa Airas Nunes, s/n, Santiago de Compostela
- Data: 29/01/25 de 10.00 h a 14.00 h
- [Descarga o programa aquí](#)

DOCTORAMENTO



>>> COLLABORATIVE DOCTORAL PARTNERSHIPS (CDP) PARA UNIVERSIDADES

Esta convocatoria está dirixida a universidades que desexen organizar conxuntamente proxectos de doutoramento cos seus homólogos do Joint Research Centre (JRC). Deben poder acoller e formar candidatos doutores e cumprir os seguintes criterios:

1. Proceder dun estado membro da UE ou dun país asociado ao EU Research Framework Programme en vigor
2. Ter dereito a conceder títulos de doutoramento e ter autonomía administrativa, incluíndo a sinatura de acordos con colaboradores externos.

○ **Programa de Doutoramento Interuniversitario en Análise Económica e Estratexia Empresarial** no que participa ECOBAS estará encantado de acoller as propostas, para o cal é importante un bo encaixe nas prioridades marcadas (que podes consultar aquí), especialmente as relacionadas coa sostibilidade, descarbonización, neutralidade climática e os grandes retos para a sociedade. Agardamos as vosas ideas!!!

CALENDARIO:

- Presentación de solicitudes **ata o 18 de marzo**.
- Os resultados da convocatoria daránse a coñecer antes de 1 de abril.
- O día 8 de abril terá lugar un workshop obrigatorio para todos os seleccionados.

CONVOCATORIA: 

Accede [aquí ao documento completo da convocatoria](#) ou diríxete ao formulario de solicitude na seguinte [ligazón](#).

>>> AXUDAS PARA CONTRATOS PREDOUTORAIS PARA A REALIZACIÓN DE TESES DOUTORAIS EN UNIVERSIDADES ESPAÑOLAS (FPU)

- Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2024-2027
- Prazos: do 17/01/25 ata o 14/02/25
- Beneficiarias: persoas que se encontran en posesión do título de grao e que estean matriculadas nun programa de doutoramento nunha universidade española no curso 2024-2025, no momento de presentación das solicitudes.
- [Preme aquí para acceder á solicitude a través da sede electrónica](#)

PREDOC E POSDOC



>>> AXUDAS DE APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA DE I+D+I GALEGO, CONVOCATORIA PARA O ANO 2025

- Tipo de convocatoria: réxime de concorrencia competitiva
- Tipo de axuda: a fondo perdido
- Intensidade da axuda: 100 %
- Duración das axudas: un máximo de 6 anos
- Poderanse conceder ata 49 axudas, coa seguinte distribución:
 - 40 para as universidades do SUG, das cales 10 poderán obter a condición de bolseiras Fulbright.
 - 9 para as demais entidades, das cales 2 poderán obter a condición de bolseiras Fulbright.
- **Prazo de presentación de solicitudes: ata 28.02.2025**
- [Accede aquí á información completa da convocatoria](#)



>>> AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL NAS UNIVERSIDADES DO SUG, NOS ORGANISMOS PÚBLICOS DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA E NOUTRAS ENTIDADES DO SISTEMA GALEGO DE I+D+I, COFINANCIADAS PARCIALMENTE POLA UNIÓN EUROPEA NO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021-2027, 2025

- Tipo de convocatoria: réxime de concorrencia competitiva
- Tipo de axuda: a fondo perdido
- Intensidade da axuda: 100 %
- Duración das axudas: un máximo de 4 anos
- Poderanse conceder un máximo de 102 axudas: 90 para as universidades do SUG e 12 para as demais entidades.
- **Prazo de presentación de solicitudes: ata o 04/03/2025**
- [Accede aquí á información completa da convocatoria](#)



>>> AXUDAS PARA ESTANCIAS DE INVESTIGACIÓN POSDOUTORAL EN EE.UU.

- Obxecto: estadias de investigación postdoutoral en universidades e centros de investigación de EE.UU, durante la etapa de formación postdoutoral no ámbito do SUG e de GAIN.
- Duración: entre 20 y 24 meses, cun mínimo de 12 meses por destino en caso de fragmentar a estancia entre distintos centros. As estancias deberán desenvolverse entre outubro de 2025 e setembro de 2027 (ambos incluídos)
- Presentación de solicitudes: ata o 28/02/25
- [Procedemento na sede electrónica de la Xunta de Galicia](#)



MÁIS COMUNIDADE



>>> 2ª CONVOCATORIA DA USC PARA SELECCIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN (ANTIGAS FPI) 2024

- Axudas para contratos predoutorais para a formación de doutores/as contemplada no Subprograma Estatal de Formación do Programa Estatal
- Prazo: ata o 19/02/25
- [Preme aquí para acceder á documentación completa da convocatoria](#)

>>> DPTO. ECONOMÍA DA UDC: 2 PRAZAS DE PROFESORADO SUSTITUTO

O Departamento de Economía da UDC ten aberta a convocatoria para cubrir dúas prazas de profesorado substituto:

- 25/1008 na área de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
- 25/1009 (En el área de Economía aplicada)

Presentación de solicitudes:

- Prazo: ata o 07/02/25
- [Consulta aquí a información completa da convocatoria](#)

>>> PROGRAMA DE PRÁCTICAS DE VERÁN NO CEMFI

Dirixido a estudiantado universitario de grao cun expediente académico brillante que desexe adquirir experiencia na investigación económica, este programa está dirixido a cidadáns dos países membro da Unión Europea ou que posúan un NIE español en vigor ata o final das prácticas de verán.

- As prácticas serán remuneradas e se desenvolverán durante catro semanas, dende o 23 de xuño ata o 18 de xullo de 2025, a tempo completo.
- Presentación de solicitudes: ata o 11/04/25.

cemfi

ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



www.ecobas.gal

